



REALIZACIÓN DUN VÍDEO EN CANVA.

Escollemos o recurso do vídeo:




Accedemos ao panel de edición de Canva para comezar co noso vídeo. Na parte central, en grande, veremos o deseño do “frame” ou escena actual. Abaixo, os distintos frames do noso vídeo que podemos reproducir.



Ao frame actual poden engadírselle todo tipo de recursos: imaxes, elementos, outros vídeos, etc.

A liña de tempo dos frames. Vemos que, por defecto, o noso frame dura 5 segundos.



É posible cambiar a duración de cada escena na parte superior vemos:




Agora engade os elementos que che interesen para o teu vídeo:



Neste panel, á esquerda, podemos engadir dous tipos de elementos interesantes. Abaixo vemos os que nós subimos: inclúen imaxes, outros vídeos, audios para o noso fondo, etc.


Arriba, vemos elementos predeseñados en canba, tamén imaxes, formas, audios e o máis interesante as ferramentas IA que incorpora.



Panel de elementos subidos:




Panel de elementos: Neste caso resulta moi interesante a opción para xerar formas con IA, que nos dá acceso xerar as nosas propias imaxes e formas.




Elementos a engadir para un vídeo atractivo:

Por suposto, a **música de fondo** será un factor clave. Esta será moi sinxela de achegar ao vídeo. Simplemente, subimos o audio que queremos a “elementos subidos” ou buscamos audios dos que dispón Canva para poder levalos ao vídeo. Teremos que arrastralo á parte inferior, tal como vemos:




Transicións para as escenas:

Cada escena terá unha duración determinada. Cando esta remata sempre é bo escoller unha transición. Estas quedan fixadas entre as escenas cando pinchamos entre cada unha delas, da seguinte forma:



Tipos de transicións:



Temos varios tipos de transicións a escoller, segundo interese.

Unha vez se escolle diremos canto tempo vai durar esta transición e se queremos aplicar a mesma transición a todas as escenas.

Agregando un vídeo como escena do noso vídeo actual:

Tal como comentamos, a un vídeo de Canva podemos subir imaxes, formas, audios e outros vídeos. Cando se soben vídeos, pode ser interesante acceder as opcións que vemos a continuación, visibles cando se pulsa co botón esquerdo do rato enriba do vídeo subido:



- ✓ Editar vídeo: Permítenos facer accións sobre o vídeo, como por exemplo aplicar a IA para eliminar un fondo previo.
- ✓ A tesoura de recorte permítenos recortar o vídeo que temos. Pode ser que non nos interese todo.
- ✓ Outra opción interesante é sacarlle o son para que non interfira no noso vídeo final: Para elo premeremos á dereita no altafalante para aplicarlle silencio ou baixarlle o volume.




Descargar o vídeo:


Unha vez feito o vídeo, temos varias opcións para descargalo facendo clic en “Compartir” botón que aparece arriba á dereita

- Na opción de Descargar permitiranos indicar o tipo de arquivo a descargar, a calidade, e incluso qué páxinas son as que queremos descargar, así como descargar cada páxina de xeito individual.

e logo en “...Más”

- Compartir: coma un enlace, presentación, “Presentar y grabar” deixaríanos facerlle una explicación e aparecer nós nunha esquina do vídeo, coma código QR, etc....
- Compartilo nas redes sociais
- Gardalo no disco ou na nube, descargar unha selección ...
- Mensaxería: envíalo por whatsapp, correo electrónico...
- e logo hai outras opcións de publicación, envío, etc.





Intelixencia Artificial para a sociedade” de Fina Paulos – Óscar Rey está baixo unha [licencia Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional](#) .